



## Concello do Grove

### Expediente nº 3389/2025

**Asunto:** Consulta pública para a aprobación do Regulamento do Consello Municipal de Igualdade do Concello do Grove.

### ANUNCIO

#### SUMARIO

*Providencia de Alcaldía do Concello do Grove pola que se dispón o inicio do trámite de consulta pública do **REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE IGUALDADE DO CONCELLO DO GROVE** que ten por obxecto:*

REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE IGUALDADE DO CONCELLO DO GROVE (expediente n.º 3389/2025)

#### TEXTO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE IGUALDADE DO CONCELLO DO GROVE, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na sede electrónica municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

<b>Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa</b>	Establecemento dun instrumento de colaboración entre as distintas Administracións públicas e os axentes sociais, as asociacións de mulleres e outras entidades privadas para garantir a igualdade efectiva de homes e mulleres
<b>Necesidade e Oportunidade da súa aprobación</b>	Contar cunha normativa específica co obxectivo prioritario de garantir o dereito de participación na vida municipal das cidadás do Grove e atender ás características específicas do colectivo social ao que vai dirixido e ás particularidades organizativas que lle son propias

## Concello do Grove

Praza do Corgo, 1, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358





## Concello do Grove

<b>Obxectivos da norma</b>	Facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social, como instrumento que propicie o libre desenvolvemento da personalidade, fundamento da orde política e da paz social, promovendo as condicións para que a igualdade sexa real e efectiva, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.
<b>Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias</b>	Actualmente este Concello carece de regulación específica ao respecto, polo que a mellor vía para correxir a situación é proceder á aprobación deste regulamento.

No Grove.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. José A. Cacabelos Rico

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Concello do Grove

Praza do Corgo, 1, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358

Cod. Validación: A2Z0GGDFJTPECMLG9NYRHK6  
Corrección: <https://concellodogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

